

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Estimado Sr Conselleiro

A directiva da ANPA A Buxaina, en representación da comunidade educativa do CEIP A Gándara (Narón) queremos transmitirle as deficiencias existentes no colexio que impiden una labor educativa integral, reflectíndose, en prexuízo tamén, das nenas e nenos que estudan no colexio.

Estas necesidades/deficiencias xa foron postas anteriormente en comunicación da Consellería, tanto dende o colexio como dende o Concello de Narón.

Problemas como a reforma do Tellado, que xeneran goteiras e humidades ano tras ano e que xa non se solucionan con pequenos arranxos, nunha infraestrutura de 40 anos e que so queda agardar que un día produza unha desgraza, poñendo en risco aos nenos e nenas; así como as ventás, tuberías, o tellado no patio exterior, entre outras.


Outro dos graves problemas é a carencia de ascensor, que dificulta a integración das nenas e nenos con discapacidade ou con algunha patoloxía incapacitante, que teñen que desplazarse nun edificio de tres andares coa axuda dun salvaescaleiras instalado fai anos polo concello e que está xa no final da súa vida útil.

Adxuntamos un dossier elaborado polo Concello de Narón e o colexio, onde se detallan mas polo miúdo os problemas que sofre o colexio.

Polo anteriormente exposto solicitamos unha valoración e intervención inmediata no noso centro escolar, invitándoo a acudir ó colexio e abordar estes temas que nos deberían de preocupar a todos.

Agardando ter unha resposta favorable a nosa solicitude, aproveitamos para saudalo moi amablemente.

En Narón, a 26 de abril de 2021



Verónica Trotta Fernández

Presidenta da ANPA A Buxaina

Ceip a Gándara - Narón